

## A ÁREA SANITARIA ENTREGA O PREMIO DO II CONCURSO DA XORNADA MUNDIAL DE HIXIENE DE MANS

- *A gañadora foi a doutora Reyes Ceresuela, anestesista do hospital Álvaro Cunqueiro*
- *O premio, patrocinado polo Hotel Attica21, foi un bono regalo nese establecemento*

**Vigo, 12 de maio de 2023.** A Área sanitaria de Vigo entregou onte o premio do // Concurso: Xornada Mundial da Hixiene de Mans.

A gañadora, elixida nun sorteo público entre todo o persoal acertante, foi a anestesista do Hospital Álvaro Cunqueiro, Reyes Ceresuela.



O premio, por cortesía do Hotel Attica21 -que estivo representado polo seu director, Danielle Provezza- foi un bono regalo que inclúe unha estadia para dúas persoas nese establecemento, cun circuíto de hidroterapia e 2 menús gastronómicos.

No transcurso da entrega do premio, o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Ponte, agradeceu o patrocinio do Hotel Attica21, así como a colaboración nesta iniciativa de El Corte Inglés e da Federación de Empresarios de Turismo e Hostalería da provincia de Pontevedra.

Así mesmo, tivo palabras de gratitude para os organizadores das actividades conmemorativas da *Xornada Mundial de Hixiene de Mans* -que tan boa acollida tiveron



entre o persoal- principalmente a subdirección de Enfermaría, o servizo de Medicina Preventiva e a Unidade de Calidade de Coidados da Área sanitaria.

O Concurso, no que participaron máis de 300 traballadores da Área, consistiu nun cuestionario online con varias preguntas relativas á correcta hixienización das mans.